


¿Viladonga nun escritor inglés?

E.A.V.

Por medio de Enrique Montenegro, secretario da Asociación e activo internauta como calquera poderá comprobar visitando a páxina Web do Castro de Viladonga (devida a el e a Teresa Piñeiro), tivemos noticia dunha referencia da Encyclopaedia Britannica (achada no sitio <http://www.eb.com:180/bol/topic?eu=891§n=1&pm=1>) que citaba o nome de "Villadonga" (sic) dentro o apartado que dita Enciclopedia (na súa versión informática *on line*) dedica ó escritor inglés Geoffrey E.W. Household. Veláí unha utilidade máis de Internet, verdadeiro paraíso para os curiosos.

A reservas de máis e mellores pescudas, o que interesa resaltar aquí, a xeito de avance, é que G. Household, nacido en Bristol en 1900 e morto en Banbury en 1988, publicou en 1936 a súa primeira novela -ó parecer, unha obra para nenos- co título *The Terror of Villadonga* ('O terror de Villadonga'), revisada e reimpressa máis tarde como *The Spanish Cave* ('A cova española'). Parece case obrigado poñer en relación os dous títulos e, como posible corolario, pensar que se trata dunha referencia á cova ou galería existente no Castro de Viladonga. Isto semellaría unha tolería xurdida dunha casualidade azarosa se non fose porque, ademais de non localizarmos en ningún dicionario nin nomenclátor español ó uso ningún outro topónimo como Villadonga/Viladonga (aunque si haxa Vilardongo, Viladóniga e outros similares), dase o caso de que o tal Geoffrey Household traballou en España entre 1926 e 1929, aínda que ignoramos se foi en Galicia ou noutro lado pois a



<http://www.eb.com:180/bol/topic?eu=891§n=1&pm=1>

Enciclopedia Británica non especifica este detalle (por outra parte, importante).

O que si sabemos é que o noso home, autor de máis de vinte novelas entre as que destaca a titulada *Rogue Male*, tamén publicada como *Man Hunt* (un thriller psicolóxico), levou unha vida moi activa, dividida entre países como Romanía, Estados Unidos ou varios de Sudamérica, e servindo tamén no Corpo de Intelixencia británico (do que chegou a ser Tenente Coronel) en Grecia e no Próximo Oriente polo tempo da Segunda Guerra mundial.

Pesía ós primeiros intentos realizados, non se conseguiu localizar de momento ningún exemplar daquela novela de Household *The terror of Villadonga - The Spanish Cave* (lembramos que é de 1939) que nos podería sacar de dúbidas sobre a súa relación ou non co Castro de Viladonga e a súa cova. Por outro lado, o asunto mesmo semella tirado dalgunha outra novela, pois tal parece un remedo das andanzas

e vivencias do personaxe (un arqueólogo alemán neste caso) que Xosé Manuel Carballo imaxinaba por terras de Castro de Rei (precisamente no 1940) na súa moi recomendable obra *Don Otto de viaxe pola Chaira* (Citania de Publicacións, Lugo 1993).